

TOCANDO A REBATO (Para Manuel Rodríguez López)

Benquerido Manuel, eu non te coñecín, pero síntote, abrázote neste paradoxo que aparentemente contradi o ilóxico da verdade, neste “saberte sen coñecerte”, neste “intuírte sen verte” ou neste “lerte para coñecerte”, porque as andoriñas dos teus versos aletearon no meu corazón desterrado coma o teu, cheo de ACEDUMES E MÁGOAS. Andoriña dos nosos soños, escoita a soidade e a SAUDADE que te abrangue coma o meniño que vai co gando nos recordos, que aperta a terra no seu berce verde, que chucha os silencios en busca do niño perdido da súa Galicia ancorada nos desexos. Benquerido Manuel, os teus versos son berros por tras do monte de Paradela que se escoitan de oeste a leste, e máis tarde de leste a oeste, e aínda hoxe seguen ecoando coma unha loita inmorredoirá neste neoliberalismo que nos abrangue despois de que ti tocaras as campás “a rebato”, batendo os badais da carraxe contra o bronce da inxustiza cando a SOLDADA MÍNIMA era unha loita anónima dos arrabaldos industriais mergullados pola néboa do fume obreiro no que se esluen as esperanzas, mais marcharás dacabalo desas nubes ata a palleira da túa casa onde o can dorme, as vacas estarán remoendo e o gato runflando na súa fartura ao lado da lareira porque as ás dos soños percorren distancias impracticábeis e son a XUSTIFICACIÓN DA LINGUA, a xustificación do noso, a impronta da verdade, a “multisecular fonía céltiga” que non morrerá aínda que as coiteladas lle cheguen ao corazón, e sairá das cinzas coma a ave fénix da nosa raza que se arrepón aos atrancos nunha resurrección continuada da nosa estirpe. Escoita neste único parágrafo fondo do PLURIEMPREGO do século XXI, como “a xustiza está virada e o dereito segue xordo”, tal como preconizaches, vivimos preto da escravitude e os fillos de noso o mesmo que os anos, seguen morrendo, mais a crise segue nos ERES e nos expedientes interminábeis, e as andoriñas van e veñen en busca de bicadas, do noroeste ao nordeste, nun afán de procura, nunha emigración consentida coma SAUDADE NO BULLEIRO, rebordante de recordos nas fronteiras da luz do noso, das sombras que acorralan ao noso pobo ferido de meigallo coas roseiras murchas da DIÁSPORA, acesas, espreitando nos ceos que choran enloitados as bágoas dunha terra aínda durmida e que os bardos non son quen de espertar aínda que incendian os lumes sagrados coas entrañas secas dos nosos ancestros e da nosa verdade, tamén seca de nostalxia, mais berrando de carraxe e á espera ímproba dunha miríade espertadora ou dun novo desvelar.

XOSÉ OTERO CANTO